

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DA ADDENDA Ó ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO SOLPOR (EXPEDIENTE IN408A 2018/26).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE MESÍA E ORDES (A CORUÑA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, S.L.

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude de 25 de outubro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, referente á obtención de informe dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre a Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Solpor nos concellos de Mesía e Ordes (A Coruña), presentada polo promotor en outubro de 2022, en cumprimento dos artigos 33.14 e 15 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/20147, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, nos artigos 127.4 e 131.4 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctricas e demais normativa vixente de aplicación.

O obxecto da Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental é a descrición e valoración ambiental dos cambios realizados no proxecto do parque eólico Solpor en base as consultas e información pública, tanto a nivel de proxecto coma das afeccións ambientais derivadas dos mesmos, así como as medidas correctoras, minimizadoras e compensatorias previstas, dando cumprimento á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Antecedentes

Con data 27 de abril de 2020, o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda notifica a Augas de Galicia inicio de consultas previsto no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

Con data 8 de setembro de 2021, a Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa remite a Augas de Galicia Certificado do Consello da Xunta de Galicia do 2 de setembro de 2021, no que se adoptou o acordo de denegar a declaración de iniciativa empresarial prioritaria, ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, do proxecto do PE Solpor, promovido por Green Capital Power, S.L.

Con data 17 de decembro de 2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, -co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei



9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e demais normativa vixente de aplicación-, solicita ao Órgano de Conca Augas de Galicia os informes sectoriais do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) (outubro 2021-asdo.28/10/2021), da Separata de afeccións a bens dependentes de ese Organismo (outubro 2021-vsdo.28-10-21) e do Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal (outubro 2021-vsdo.82/10/2021).

O 20 de decembro de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG Núm. 242 o Acordo do 10 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (expediente IN408A 2018/26).

Tras rematar o período de información pública segundo se detalla no parágrafo anterior, unha vez emitidos os informes preceptivos por parte dos distintos organismos afectados e tendo en conta as alegacións presentadas durante o tempo de exposición pública, con data 22 de xuño de 2022, a empresa promotora presentou ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética de Recursos Naturais unha addenda na cal se recollen os cambios realizados no proxecto PE Solpor resultado do procedemento de información pública.

Con data 17/08/2022 a empresa presentou o proxecto refundido do parque eólico Solpor ante a Xefatura Territorial de A Coruña que foi modificado para dar cumprimento aos requirimentos indicados polos distintos organismos afectados.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.



Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é a seguinte: **"ADDENDA AL ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE ÉOLICO SOLPOR", de outubro de 2022**, realizado por un equipo multidisciplinar coordinado tecnicamente polo enxeñeiro industrial D. Eloy Prada Hervella, colexiado N°1898 do ICOIIG que inclúe unha memoria e un Anexo I: Planos. Todo elo en formato dixital (pdf).

A continuación describíse brevemente a nova configuración do parque eólico segundo a addenda presentada.

O parque eólico Solpor atópase emprazado nos concellos de Ordes e Mesía, na provincia de A Coruña, dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) Ordes. O parque eólico estará formado por cinco aerogeradores tipo N155 ou similar de ata 4,8 MW de potencia unitaria, sendo a potencia total a instalar de 24 MW.

Principais Características Técnicas	
Número de aerogeradores	5
Potencia nominal unitaria (MW)	4,8
Potencia total instalada (MW)	24
Altura de buxeiro (m)	120
Diámetro de rotor (m)	155
Produción media neta o vertida a rede (MWh/año)	69.462
Horas netas equivalentes a potencia nominal	2894 h

A poligonal do PE Solpor non sofre modificacións respecto á configuración previa polo que as súas coordenadas son as seguintes:

Coordenadas Poligonal (UTM FUSO 29 ETRS89)			
Vértice poligonal	X	Y	Concello
P1	555.875,07	4.771.986,49	Mesía
P2	551.450,00	4.772.201,00	Ordes
P3	551.450,00	4.775.620,00	Ordes
P4	555.779,39	4.775.620,00	Mesía

En canto á posición das infraestruturas que compoñen o parque eólico, realízanse os seguintes cambios:

- Retranqueo do aerogenerador SOL-05 segundo requirimento realizado pola Demarcación de Estradas do Estado de Galicia. Esta modificación provoca o desprazamento da torre de medición.
- Nova localización do aerogenerador SOL-04 segundo requirimento realizado por Enagas.
- Desprazamento do aerogenerador SOL-02 segundo requirimento realizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Tras realizar un achado arqueolóxico durante as labores de seguimento arqueolóxico, resultan afectadas pola aparición dun túmulo ("Túmulo 02") as localizacións do aerogenerador SOL-03, da subestación e da zona de provisións. Tamén tivo que ser modificada a traza da liña de evacuación do proxecto (en concreto, a posición do pórtico e a dos apoios nº 1, 2 e 3).



Como consecuencia destas modificacións tamén se produciron cambios no trazado das infraestruturas comúns como vías e gabias de cableado, que aumentan a súa lonxitude total con respecto á configuración anterior.

Polo tanto, as coordenadas das instalacións do PE Solpor segundo a configuración final son:

CONFIGURACIÓN FINAL		
Infraestrutura	Coordenadas (ETRS89 F29)	
	X	Y
Aerorador SOL-1	552.540	4.774.979
Aerorador SOL-2	553.078	4.774.791
Aerorador SOL-3	553.833	4.774.946
Aerorador SOL-4	554.901	4.773.767
Aerorador SOL-5	554.739	4.774.066
Torre Meteorolóxica	552.156	4.774.756
Subestación (punto)	553.688	4.775.111
Subestación (envolvente)	553.680	4.775.149
	553.716	4.775.139
	553.695	4.775.072
	553.651	4.775.085
	553.644	4.775.096
	553.653	4.775.116
	553.669	4.775.111
Zona de provisiones	553.717,18	4.775.120,06
	553.764,94	4.775.105,24
	553.750,10	4.775.057,49
	553.702,35	4.775.072,31

As coordenadas dos apoios da liña de evacuación son as seguintes:

LAT 132 Kv EVACUACIÓN PE SOLPOR		
Nº Apoio	Coordenadas (ETRS89 F29)	
	X	Y
Pórtico SET Solpor	553.697,48	4.775.132,12
AP-01	553.706,19	4.775.178,80
AP-02	553.892,67	4.775.289,45
AP-03	554.266,99	4.775.342,26
AP-04	554.414,19	4.775.363,03
AP-05	554.464,75	4.775.386,48
AP-06	554.618,49	4.775.457,76
AE-18	554.647,52	4.775.471,22

Con respecto ás afeccións ambientais producidas pola implantación do parque, a modificación da localización dalgunhas das infraestruturas provoca que a afección á hidroloxía do entorno varíe.



A Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental recolle no seu apartado 4.2.7 *"Impactos sobre a hidroloxía"* unha táboa comparativa coas afeccións do informe sectorial de Augas de Galicia emitido con data 1 de febreiro de 2022 segundo a configuración previa do parque eólico e a súa correspondencia coas afeccións que se producen segundo a configuración final recollida na addenda:

Nº	Afección configuración previa	Afección configuración final
1	Vía de acceso a SOL-01, gabia de cableado, plataforma, zona de montaxe de pluma, zona de provisión de pas e zona de voo de SOL-01 en zona de policía de rego Castrexo.	Vía de acceso a SOL-01, gabia de cableado, plataforma, zona de montaxe da pluma, zona de provisión de pas e zona de voo de SOL-01, e vía de acceso á torre de medición en zona de policía de rego Castrexo.
2	Plataforma de montaxe e zona de voo das pas do aeroxerador SOL-2 en zona de policía do rego do Castrexo.	Plataforma de montaxe e zona de voo das pas do aeroxerador SOL-2 en zona de policía do rego do Castrexo.
3	Plataforma de provisión de pas e zona de voo das pas do aeroxerador SOL-2 en zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Plataforma de provisión de pas e zona de voo das pas do aeroxerador SOL-2 en zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
4	Vía e gabia de cableado (SOL-vial-01) en zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Vía e gabia de cableado (SOL-vial-01) en zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
5	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes cruza o río de Cerdeiros e en zona de policía do mesmo, tributario do río Traveso.	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes cruza o río de Cerdeiros e en zona de policía do mesmo, tributario do río Traveso.
6	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
7	Zona de montaxe de pluma do aeroxerador SOL-5 en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Plataforma de montaxe e vía de acceso ao aeroxerador SOL-5 en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
8	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Vía de interconexión, gabia de cableado e a conexión a vías existentes en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
9	Vía de acceso ao parque en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Vía de acceso ao parque en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
10	Vía de acceso ao parque en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso.	Vía de acceso ao parque en zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso.
11	Voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso, tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).	Voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso, tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²).
12	Voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso.	Voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso.

Tras a análise dos cambios nas afeccións á hidroloxía derivadas da modificación do proxecto, a Addenda ó Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Solpor conclúe que a valoración do impacto do parque eólico Solpor non varía con respecto á configuración previa e valórase como **"Negativo Significativo Compatible"**.



En canto ás medidas correctoras e protectoras para a prevención, eliminación e redución dos impactos ambientais, a addenda no apartado 5.6 da memoria recolle unha serie de medidas a implementar para cumprir coas consideracións realizadas por Augas de Galicia no seu informe emitido con data 01/02/2022. Entre elas destaca o compromiso por parte do promotor de establecer medias de prevención de posibles vertidos así como a localización das instalacións auxiliares de obra fóra da zona de policía de cauces ou a mais de 50 m de distancia destes para minimizar os riscos.

Con respecto ao tratamento das augas de saneamento e abastecemento do edificio de control, indica que as augas residuais conduciranse a unha fosa séptica que terá un separador de graxas e que será baleirada periodicamente mediante camión cisterna. Do mesmo xeito, para o abastecemento de auga dispórase dun depósito de almacenamento de 500 l que se encherá periodicamente cun camión cisterna.

Por último, no apartado 6 realízase unha actualización do programa de vixilancia ambiental en base ao exposto polos diferentes organismos nos seus informes sectoriais engadindo unha serie de actividades a realizar ás xa incluídas no EsIA PE Solpor (Outubro 2021).

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de bacía e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede fluvial

O parque eólico Solpor atópase situado nos concellos de Ordes e Mesía, na provincia de A Coruña. A poligonal do mesmo sitúase dentro da ADE Ordes dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación no que se sitúa dita infraestrutura é o 6 "RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA".

Discorren, próximos ás actuacións definidas na documentación achegada, os seguintes leitos fluviais codificados por Augas de Galicia: o río Samo (204030), o río Traveso (20403012) e o río Buxán (20403016), así como os seus respectivos afluentes. Os encoros máis próximos á zona de implantación do parque son o encoro de Vilasén ou San Cosmade (ES.014.MR.204.038.05.00) a uns 6 km ao noroeste do parque, o encoro de Vilagudín (ES.014.MR.204.038.03.00) a uns 11 km ao oeste do parque e o encoro de Beche a uns 6 km ao nordeste das instalacións. Pódese consultar e contrastar estes extremos na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Pódese consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a nova documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede de detalle 2021 da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa, detéctase un cruzamento do río de Cerdeiros tributario do río Traveso (20403012) por unha vía do parque e pola gabiá de cableado eléctrico e afeccións por parte das distintas infraestruturas do parque á zona de policía do rego Castrexo (2040301602) e de varios dos seus afluentes, e tamén á de varios regos innominados tributarios do río Buxán (20403016) e do río Traveso (20403012). En canto ás afeccións producidas pola execución da liña de evacuación asociada ao parque eólico, identifícase o voo da liña aérea nas zonas de policía do río Traveso e dun afluente seu, así como o apoio nº 6 no mesmo ámbito. Obsérvase por último, a afección á zona de servidume do río Traveso (sen codificar) afluente do río Traveso polo voo da liña entre os apoios nº 5 e 6.



A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións do parque eólico proxectadas, detectadas segundo o visor indicado e a nova documentación achegada. Así mesmo, indícase na táboa a correspondencia das novas afeccións detectadas coas contidas no informe sobre o EslA e a Separata de febreiro de 2022:

- Táboa de afeccións por parte do PE Solpor:

Nº	Correspondencia co Informe sobre EIA e Separata	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2021 (coordenadas UTM ETRS89 F29)
1	1	Rego Castrexo (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de acceso a SOL-01, gabia de cableado, zona de montaxe de pluma, zona de provisión de pas e zona de voo do SOL-01 en zona de policía do rego Castrexo. No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica a afección da gabia de cableado, da zona de montaxe de pluma, a zona de provisión de pas e o voo do aeroxerador SOL-01 á zona de policía dun rego innominado tributario do rego Castrexo.	Afección á zona de policía do rego Castrexo (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) pola execución da vía de acceso, a gabia de cableado, a plataforma, a zona de montaxe da pluma do guindastre principal e a zona de provisión de pas da posición de aeroxerador SOL-01 na zona delimitada polos puntos de coordenadas: 1. (X= 552.407,90; Y= 4.774.927,10), 2. (X= 552.452,34; Y= 4.774.970,94), 3. (X= 552.477,58; Y= 4.774.978,82), 4. (X= 552.602,19; Y= 4.774.957,31), 5. (X= 552.560,62; Y= 4.774.947,64), 6. (X=552.555,77; Y= 4.774.929,99) e 7. (X= 552.472,01; Y= 4.774.920,77). Afección á zona de policía do rego Castrexo (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) polo voo das pas do aeroxerador SOL-01 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 552.462,66; Y= 4.774.974,24) e (X= 552.613,90; Y= 4.774.955,77). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
2	-	Rego Castrexo (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de acceso á torre de medición en zona de policía do rego Castrexo. No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica a afección da vía de acceso á torre de medición á zona de policía dun rego innominado tributario do rego Castrexo.	Afección á zona de policía do rego Castrexo (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) polo acondicionamento da vía de acceso á nova posición da torre de medición entre os puntos do eixo da vía de coordenadas: (X= 552.640,14; Y= 4.774.968,87) e (X= 552.618,53; Y= 4.774.909,69). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².



Nº	Correspondencia co Informe sobre EIA e Separata	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2021 (coordenadas UTM ETRS89 F29)
3	2	Rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da plataforma de montaxe e zona de voo das pas do aeroxerador SOL-02 en zona de policía do rego do Castrexo. No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica a afección da plataforma e o voo da pas do aeroxerador SOL-02 á zona de policía dun rego innominado tributario do rego Castrexo.	Afección á zona de policía do rego Castrexo (2040301602) pola execución da plataforma da posición do aeroxerador SOL-02 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 553.054,07; Y= 4.774.782,84) e (X= 553.068,71; Y= 4.774.741,49). Afección á zona de policía do rego Castrexo (2040301602) polo voo das pas do aeroxerador SOL-02 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 553.022,81; Y= 4.774.845,34) e (X= 553.077,96; Y= 4.774.713,54).
4	-	Rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección dun novo tramo da plataforma de montaxe do aeroxerador SOL-02 en zona de policía do rego do Castrexo.	Afección á zona de policía do rego Castrexo (2040301602) pola execución da zona de montaxe do guindastre principal do aeroxerador SOL-02 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 553.156,57; Y= 4.774.560,87) e (X= 553.162,76; Y= 4.774.546,30).
5	3	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da plataforma de provisión de pas e zona de voo de pas do aeroxerador SOL-02 en zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica a afección da zona de provisión de pas e do voo da pas do aeroxerador SOL-02 á zona de policía dun rego innominado tributario do rego Castrexo.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) pola execución da zona de provisión de pas na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 553.117,55; Y= 4.774.809,35) e (X= 553.143,34; Y= 4.774.748,24). Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) polo voo das pas do aeroxerador SOL-02 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 553.100,84; Y= 4.774.865,02) e (X= 553.143,08; Y= 4.774.748,93). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
6	4	Rego innominado (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía e da gabia de cableado (SOL-vial-01) á zona de policía dun regato sen nomear tributario do rego do Castrexo (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica a afección da gabia de cableado e da vía de acceso á SET á zona de policía dun rego innominado tributario do rego Castrexo.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do rego Castrexo (2040301602) pola vía de acceso a SET e ao aeroxerador SOL-03 e pola gabia de cableado entre os puntos do eixo da vía de coordenadas (X= 553.210,69; Y= 4.775.206,31) e (X= 553.346,98; Y= 4.775.165,32). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².



Nº	Correspon dencia co Informe sobre EIA e Separata	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2021 (coordenadas UTM ETRS89 F29)
7	5	Río de Cerdeiros (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Cruce e zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica o cruce do río de Cerdeiros e a afección a súa zona de policía pola vía de interconexión, a gabia de cableado e a conexión a vías existentes. No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica o cruce do río de Cerdeiros pola vía de interconexión do parque e a gabia de cableado.	Afección á zona de policía do río de Cerdeiros (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de interconexión entre os aeroxeradores SOL-03 e SOL-05, a gabia de cableado e a conexión a vías existentes entre os puntos do eixo da vía de coordenadas (X= 554.844,23; Y= 4.774.737,94) e (X= 554.871,91; Y= 4.774.536,58). Cruce do río de Cerdeiros (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de interconexión e a gabia de cableado no punto de coordenadas (X= 554.856,11; Y= 4.774.638,01).
8	6	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de interconexión, a gabia de cableado e a conexión a vías existentes á zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica a afección á zona de policía dun rego innominado pola vía e a gabia de cableado.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de interconexión entre os aeroxeradores SOL-03 e SOL-05, a gabia de cableado e a conexión á vía existente entre os puntos do eixo da vía de coordenadas (X= 554.870,69; Y= 4.774.585,25) e (X= 554.862,74; Y= 4.774.387,56). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
9	7	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Buxán (20403016)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da plataforma de montaxe e a vía de acceso ao aeroxerador SOL-05 á zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica a afección á zona de policía dun rego innominado pola zona de provisión de pas, a vía de acceso, a zona de montaxe de pluma do guindastre, a gabia de cableado e o voo das pas do aeroxerador SOL-5.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Buxán (20403016) pola plataforma, pola zona de provisión de pas, pola zona de montaxe da pluma do guindastre principal e pola vía e a gabia de cableado do aeroxerador SOL-05 na zona delimitada polos puntos de coordenadas: 1. (X= 554.716,86; Y= 4.774.021,48). 2. (X= 554.798,54; Y= 4.773.994,14), 3. (X= 554.797,43; Y= 4.774.046,25), 4. (X= 554.902,99; Y= 4.774.007,68), 5. (X= 554.897,14; Y= 4.773.989,06) e 6.(X= 554.805,34; Y= 4.774.016,64). Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Buxán (20403016) polo voo das pas do aeroxerador SOL-05 na zona delimitada polos puntos de coordenadas (X= 554.684,65; Y= 4.774.011,24) e (X= 554.815,55; Y= 4.774.054,12). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².



Nº	Correspon dencia co Informe sobre EIA e Separata	Curso fluvial afectado segundo a rede fluvial de detalle de 2021 (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2021 (coordenadas UTM ETRS89 F29)
10	8	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Buxán (20403016)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de interconexión, a gabia de cableado e a conexión a vías existentes á zona de policía dun regato sen nomear tributario do río Buxán (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica a afección á zona de policía dun rego innominado pola vía, a conexión a unha vía existente e a gabia de cableado.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Buxán (20403016) pola vía de interconexión do parque, a gabia de cableado e a conexión a unha vía existente na zona delimitada polos puntos de coordenadas: 1. (X= 554.882,69; Y= 4.774.070,90), 2. (X= 554.918,41; Y= 4.774.060,90), 3. (X= 554.938,98; Y= 4.774.046,79) e 4. (X= 554.970,22; Y= 4.773.950,21). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
11	9	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de acceso ao parque dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica a afección á da vía de acceso ao parque á zona de policía dun rego innominado.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de acceso ao parque entre os puntos do eixo da vía de coordenadas (X= 555.814,79; Y= 4.773.679,77) e (X= 555.824,83; Y= 4.773.685,28). O cauce presenta unha bacía de aportación inferior a 1 km².
12	10	Rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica a afección da vía de acceso ao parque dun regato sen nomear tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km²). No plano nº7 " <i>Afecciones Hidrología Configuración Final</i> " identifica a afección á da vía de acceso ao parque á zona de policía dun rego innominado.	Afección á zona de policía do rego innominado (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de acceso ao parque entre os puntos da vía de coordenadas (X= 555.809,85; Y= 4.773.681,21) e (X= 555.825,36; Y= 4.773.684,32).



- Táboa de afeccións por parte da liña de evacuación do PE Solpor:

Nº	Correspondencia co Informe sobre EIA e Separata	Tramo aéreo	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruzamento / Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	1	Do apoio 5 ao fin de liña (conexión co apoio AE-18 da LAT SET Gasalla - SET Colectora Mesón)	Río Traveso (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Zona de policía e Zona de Servidume	No apartado 4.2.7 da memoria identifica o voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso, tributario do río Traveso (bacía de aportación inferior a 1 km ²). No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica o voo da liña de evacuación e o apoio 6 en zona policía dun rego innominado.	Voo de liña aérea na zona de policía entre o punto (X= 554.482; Y= 4.775.394,50) e o fin de liña. Voo de liña aérea en zona de Servidume entre os puntos de coordenadas (X= 554.561,49; Y= 4.775.445,42) e (X= 54.571,93; Y= 4.775.449,81). Apoio 6 na zona de policía do Río Traveso (sen codificar) tributario do Río Traveso (20403012) no punto (X= 554.618,49; Y= 4.775.457,76).
2	2	Do apoio 5 ao fin de liña (conexión co apoio AE-18 da LAT SET Gasalla - SET Colectora Mesón)	Río Traveso (20403012)	Zona de policía	No apartado 4.2.7 da memoria identifica o voo da liña aérea e o apoio 6 da liña de evacuación en zona de policía do río Traveso. No plano nº7 "Afecciones Hidrología Configuración Final" identifica o voo da liña de evacuación e o apoio 6 en zona policía dun rego innominado.	Voo de liña aérea na zona de policía entre o punto (X= 554.610,30; Y= 4.775.454,071) e o fin de liña. Apoio 6 na zona de policía do Río Traveso (20403012) no punto (X= 554.618,49; Y= 4.775.457,76).

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha bacía de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflectan as actuacións a realizar e as marxes dos leitos así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos leitos no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedementa poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Aínda que, nas actuacións obxecto deste informe, non se detecta cruzamento algún a cursos fluviais xestionados por esta Entidade, -como xa se expuxo nos parágrafos anteriores-, lémbrese que no cruce de leitos por liñas eléctricas aéreas, deberase cumprir o disposto no artigo 127.1 do RDPH e solicitar autorización ante Augas de Galicia, e o disposto no artigo 127.2 do RDPH que establece que a altura mínima en metros sobre o nivel acadado polas máximas avenidas deducirase das normas que a estes



efectos teña ditada sobre este tipo de gálilos o "*Ministerio de Industria y Energía*", respectando sempre como mínimo o valor que se deduce da seguinte fórmula: $H = G + 2,30 + 0,01 \cdot U$, onde H será a altura mínima en metros, G terá un valor de 4,7 para casos normais e de 10,5 para cruces de embalses e ríos navegables, e U será o valor da tensión da liña expresada en Kilovoltios.

No caso das presentes infraestruturas eléctricas a altura mínima para as liñas de 132 kV segundo o citado artigo 127.2 do RDPH será de:

$H = 4,7 + 2,3 + 0,01 \cdot 132 = 8,32$ m nos casos normais (ríos non navegables).

$H = 10,5 + 2,3 + 0,01 \cdot 132 = 14,12$ m nos casos de embalse e ríos navegables.

A mínima distancia vertical entre os condutores da liña e o curso de auga, nas condicións máis desfavorables está ao mesmo tempo fixada polo Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09. No punto 5 da ITC-LAT 07, establece esta distancia mínima vertical, para o caso de ríos non navegables segundo a fórmula $D_{add} + Del = 5,3 + Del$, fixando un mínimo de 6,00 m, e, para o caso de embalses e ríos navegables, segundo a fórmula $G + D_{add} + Del = 4,7 + 2,3 + Del$ (neste caso estímase que $D_{add} = 2,3$ dado que na documentación aportada non se refire que a liña sexa de categoría especial).

No caso da presente liña a altura mínima para a liña de 132 kV segundo a ITC-LAT 07 será de $D_{add} + Del = 5,3 + 1,20 = 6,50$ m nos casos de ríos non navegables e de $G + D_{add} + Del = 4,7 + 2,30 + 1,20 = 8,2$ m no caso de ríos navegables.

É preciso sinalar que debe cumprir as distancias definidas no artigo 127.2 do RDPH, máis restritiva que as anteriores. Ao mesmo tempo, para embalses e ríos navegables debe cumprirse que os apoios estarán instalados a unha distancia de 25 m e, como mínimo, unha vez e media a altura dos apoios, desde o borde do leito fluvial correspondente ao caudal da máxima avenida, segundo establece o punto 5.11 da ITC-LAT 07 para cruces e paralelismos no caso de ríos e embalses navegables.

No caso de que, finalmente, se detectase afección a algún curso fluvial non referido neste informe a documentación a aportar inicialmente para a tramitación da autorización de obras a outorgar por esta Entidade deberá incluír: o plano de situación a escala suficiente, especificando claramente a traza da liña respecto aos leitos públicos afectados (sinalando as dos marxes do leito) xestionados por Augas de Galicia (dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa) e os apoios, planos de planta coas coordenadas dos apoios e os cruces, así como a distancia dos apoios ás marxes dos leitos, no caso de estar na zona de policía. Sinalar, en todo caso, que os apoios deberán estar fóra da zona de servidume. Deberanse incluír, igualmente, perfís transversais da liña, nos que queden reflexados as marxes dos leitos, os apoios e os cables, acoutando a altura mínima dos cables sobre o nivel das máximas crecidas ordinarias, tendo en conta o expresado nos parágrafos anteriores. Neste momento do procedemento poderase solicitar por Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria

Para a execución de novos camiños de acceso aos apoios, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Respecto a isto, aparecen reflectidos estes accesos na documentación gráfica do anexo I. Segundo a dita documentación e comprobado no visor de Augas de Galicia, as afeccións detectadas sobre cursos da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa por parte dos accesos aos apoios son os que aparecen na seguinte táboa:



Acceso ao apoio	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/ Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia
AE-18	Río Traveso (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012)	Cruce e zona de Policía	Afección á zona de policía e cruce do río Traveso (sen codificar) tributario do río Traveso (20403012) pola vía de acceso ao apoio AE-18.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH, deberase solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Bacia independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, non se detecta ningunha captación próxima ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras).

Detállanse a continuación as zonas protexidas e a súa categoría identificadas na contorna da infraestrutura proxectada:

CLASIFICACIÓN DE ZONAS PROTEXIDAS			
ZONAS DE PROTECCIÓN DHGC	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Tramo de Interese de Especies Ameazadas	Tambre	ES014TIE000000014	A 11,6 km ao sur das instalacións do parque
ZONAS DE PROTECCIÓN N.INTERNACIONAL	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Reserva da Biosfera-Zona de Transición	Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	-	A 1,050 km ao norte das instalacións do parque
Reserva da Biosfera- Zona Tampón	Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	-	A 1,8 km ao norte das instalacións do parque
ZONAS DE PROTECCIÓN N. EUROPEO	NOME	CODIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Zona Sensible DHGC	Encoro de Vilasén ou San Cosmade	ESR11220	A 5,65 km ao noroeste das instalacións do parque
Zona Sensible DHGC	Encoro de Beche	ESR11219	A 5,9 km ao nordeste do apoio 6 da LAT
Zona Captación de Zona Sensible	12	ESCM1220	A 3,8 km cara ao oeste das instalacións do parque
Zona Captación de Zona Sensible	4	ESCM1214	A 4,5 km ao norte das instalacións do parque e a 4,45 ao norte do apoio 5 da LAT



CLASIFICACIÓN DE ZONAS PROTEXIDAS			
Zona Captación de Zona Sensible	6	ESCM1219	A 4,4 km ao norte do apoio 6 da LAT
ZEC	Río Tambre	ES1110016	A 681 m ao leste das instalacións do parque

Non se detectaron zonas protexidas a nivel estatal e autonómico próximas ás actuacións previstas.

Deberase atender as prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, así como os condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a



execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo a súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.



O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de bacía darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscrición)	Coord. Y (Datum inscrición)
DH.A15.18180	Particular	552.192	4.775.057
DH.B15.20827	Particular	556.003	4.774.242

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Neste senso, lémbrese que non se permite a execución de vaos ou pasos de auga construídos sobre a plataforma dos camiños ou vías de acceso nos lugares nos que se intercepten fluxos naturais de auga ou nos sexa necesario evacuar os caudais cara á marxe contraria. Sinalar que este tipo de instalacións teñen carácter temporal, e deben ser retiradas ao finalizar as actuacións a realizar. De ser necesarias obras de carácter permanente, e para que poidan ser autorizables, deben executarse as obras de drenaxe transversal pertinentes.

Na documentación examinada indícase que o abastecemento de auga ao parque realizarase mediante un depósito de almacenamento de 500 litros, que se encherá periodicamente mediante camións cisterna. O saneamento de augas residuais realizarase mediante a evacuación das mesmas a unha fosa séptica que será baleirada periodicamente mediante camións cisterna.

Cómpre lembrar por esta Entidade que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Bacía, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Bacía, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.

Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación á **Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Solpor**, nos concellos de Mesía e Ordes (A Coruña), de outubro de 2022, no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de bacía, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

